



ORDENANZA FISCAL NÚMERO 9

REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 4 y 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 y 20.4.p) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa de cemiterio municipal, que se rexirá polo disposto na devandeiña Lei e pola presente ordenanza Fiscal.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos do cemiterio municipal, tales como: concesión ou aluguer de espazos para enterramentos; permisos de construción de panteóns e sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento de lápidas, colocación de lápidas, enreixado e adornos, limpeza e conservación dos espazos destinados ó descanso dos difuntos, e calesqueira outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía sanitaria mortuoria, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Aos efectos desta Ordenanza, declarase de recepción obligatoria o servizo de limpeza e conservación de nichos, osarios e sepulturas.

Artigo 3. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes os concesionarios e arrendatarios de nichos e/ou sepulturas e quenes soliciten a autorización ou licenza de enterramento, permuta, construción, reparación ou embellecemento.

Artigo 4. RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que señala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. EXENCIONS SUBJECTIVAS

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

a) enterramentos de asilados procedentes da beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen nengunha pompa fúnebre que sexa custeada pola familia dos falecidos.

b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidad

c) As inhumacións que ordee a autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

TARIFA A: PRESTACIÓN DE SERVICIOS	EUROS
-Por cada licenza de enterramento	30,63
-Por cada autorización de permuta ou transmisión de nichos ou sepulturas	134,33
-Pola limpeza e conservación de cada columna ou fileira parcela, ao ano	4,27



-Por cada licenza de construción, reparación ou embelecemento de nichos ou sepulturas, estarase ó disposto na Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa de Licencias urbanísticas	
TARIFA B: CONCESIONES E ARRENDAMENTOS	EUROS
-Pola concesión dun nicho ou osario	426,54
-Pola concesión de cada parcela para construción de sepulturas	765,68
-Polo aluguer de cada nicho ou osario, ao ano, e pagadeiro por anticipado	42,65

A tarifa relativa ó servizo de limpeza e conservación será prorrateada nos casos en que exista mais dun concesionario ou arrendatario, a razón de 1,08 euros/año por cada nicho ou osario.

Artigo 7. DEVENGO

Devengarase a taxa e nace a obrigaón de contribuir de acordo co establecido a continuación: nos supostos de solicitude de licencias de enterramento, no momento en que éstas se soliciten nos supostos de concesión de nichos ou sepulturas ou arrendamento dos mesmos, unha vez concedida a autorización municipal pola Comisión de Goberno ou órgano que teña atribuídas tales competencias nos supostos de solicitude de permuta e de licencias de construción, reparación ou embelecemento de nichos ou sepulturas, unha vez concedida a mesma pola Comisión de Goberno ou órgano municipal que teña asumida esa competencia.

Nos servizos de limpeza e mantemento devengarase o día 1 de Xaneiro de cada ano, salvo o que se dispón no artigo seguinte para os casos de concesión ou arrendamento en data posterior.

Artigo 8. XESTION, LIQUIDACIÓN E INGRESO

1. A obrigaón de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace: tratándose de licencias de enterramento, con carácter previo a que o mesmo se realice tratándose dos servizos de limpeza e conservación, unha vez notificadas as cotas tributarias ou publicado o acordo aprobatorio do padrón, conforme establece o Regulamento Xeral de Recaudación nos demais casos, unha vez notificada a liquidación individual, nos prazos e formas previstos no Regulamento Xeral de Recaudación

2. Para o cobro da taxa polos servizos de limpeza e conservación, elaborárase anualmente un padrón pola Tesourería Municipal, comprensivo dos datos identificativos dos suxeitos pasivos, número de unidades obxecto de gravamen e cota total anual resultante. No caso de obtención da concesión ou arrendamento na data posterior ó día 1 de Xaneiro de cada ano, a mencionada cota será prorrateada por trimestres naturais.

Artigo 9. INFRACCIONS E SANCIONS

En todolo relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza fiscal, da cal a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no "Boletín Oficial de la Provincia", permanecendo en vixencia ata a súa modificación ou derogación expresa.